



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Como xa avanzamos en anteriores comunicacións, o vindeiro **luns 23 de xaneiro** celébrase na sede da Axencia Galega de Innovación en Santiago de Compostela o terceiro workshop vencellado á Civil UAVs Initiative, o programa da Xunta de Galicia orientado a converter Galicia nun polo aeronáutico de referencia europea e na utilización de sistemas aéreos non tripulados (UAVs nas súas siglas en inglés) para a mellora na prestación de determinados servizos públicos.

Esta xornada leva por título **Civil UAVs Initiative: Solucións** en referencia á fase B ou fase de busca de solucións tecnolóxicas innovadoras para a mellora na xestión de servizos públicos. Nela presentarase o **catálogo de demandas** identificadas polos distintos departamentos da Xunta de Galicia en tres ámbitos: o **territorio** (xestión do solo, control de recursos forestais e aplicacións avanzadas de topografía e cartografía); o **mar** (seguridade na pesca de baixura e control da calidade da auga); e o **tráfico aéreo** (xestión de espazos aéreos para garantir a axeitada convivencia de avións tripulados e non tripulados).

Partindo deste mapa de demanda temperá e do resultado da consulta preliminar ao mercado iniciada en 2015, expóranse tamén as **licitacións** que se lanzarán proximamente para mercar esas solucións e que supoñen unha oportunidade de negocio moi interesante para o tecido empresarial galego, incluídas as pemes. Para estas licitacións dispónse dun orzamento total de **24 millóns de euros até 2019** grazas a un convenio asinado co Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Se tes interese en asistir, xa está dispoñible o **programa completo do evento** nas webs da Civil UAVs Initiative e de GAIN así como o **formulario de rexistro**. Debido ao aforo limitado das salas e ao alto nivel de resposta recibido, o **proceso de inscricións pecharáse mañá venres, 20 de xaneiro, ás 11h ou até completar aforo**.

Moitas grazas pola túa atención, agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.